



AULA DO DEREITO DE AUTOR

OS DEREITOS DE AUTOR

Protexen o traballo creativo



Que son os dereitos de autor?

- A protección do traballo creativo
- O dereito concedido pola lei á persoa que creou unha obra.
- Os dereitos de autor outorgan ao autor o dereito a decidir como se pode utilizar o seu traballo.
- Os dereitos de autor permiten que os autores de traballos creativos poidan recibir unha remuneración polo seu traballo.



Que significan os dereitos de autor?

- O autor recibe dereitos exclusivos e dereitos morais.
- O autor decide como pode usarse a obra que fixo.
 - Por exemplo:
 - Se pode publicarse a obra
 - Se poden imprimirse exemplares da obra
 - Se a obra pode incluírse como parte doutra obra, por exemplo, música para unha película ou un anuncio
 - Se unha obra pode transformarse noutro xénero artístico, por exemplo, un libro nunha película
 - Se pode modificarse a obra, por exemplo, editar unha imaxe ou traducir un libro a outro idioma
- Os dereitos de autor permiten gañar a vida co traballo creativo.

Que protexen os dereitos de autor?

- O resultado dun traballo creativo
 - Unha obra literaria ou artística
 - Non importa o método de execución
 - A obra tamén pode ser, por exemplo, unha escultura de area ou neve ou unha obra de arte de iluminación
- A produción do traballo creativo debe superar o **limiar de orixinalidade**.
- O limiar de orixinalidade supérase cando a obra é unha creación intelectual propia o seu autor, que reflicte a personalidade do seu autor a través de decisións libres e creativas.
 - É dicir, reflicte as decisións persoais do seu autor
 - Non existen requisitos cualitativos ou artísticos para recibir a protección.


Que NON protexen os dereitos de autor?

- Os dereitos de autor protexen a forma en que o autor realizou a súa obra.
- Os dereitos de autor non protexen as ideas, os conceptos ou os métodos comprendidos na obra.
- A información, as ideas e os métodos poden utilizarse, o que non pode copiarse na concreta forma na que outro desenvolveu, explicou, narrou esas ideas ou métodos.



Como se orixina a protección?

- A protección nace **automaticamente** en canto se crea a obra.
 - Non se esixe o rexistro nin o uso do símbolo ©.
- Os dereitos de autor son válidos durante a vida do autor + **70 anos a partir do ano do seu falecemento.**



Quen obtén os dereitos de autor?

- Os dereitos de autor sempre os ostenta o autor dunha obra.
- Un autor é a persoa física que creou unha obra.
 - P. ex.: un compositor, un letrista, un escritor, un director, un pintor, un ilustrador, un fotógrafo
- Un autor pode ceder todos ou parte dos seus dereitos de autor a outra persoa.
 - O cesionario denomínase titular dos dereitos.
 - O titular dos dereitos tamén pode ser unha empresa, un centro de ensino ou calquera outra organización.



Que dereitos ten o autor?

DEREITOS DE EXPLOTACIÓN OU EXCLUSIVOS

- **Reproducir un exemplar**
 - Por exemplo, imprimir, fotocopiar, escanear ou almacenar unha copia dixital.
- **Posta a disposición do público**
 - Por exemplo, unha lectura dramatizada dun texto, exhibición pública e a transmisión ao público dunha obra audiovisual ou a transmisión das obras en Internet

DEREITOS MORAIS

- **Dereito de paternidade**
 - Cando se utilice a obra, debe mencionarse o nome do autor.
- **Dereito á integridade**
 - A obra non pode alterarse nin modificarse en forma que supoña un prexuízo aos seus lexítimos intereses ou menoscabo á súa reputación